



# CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
**WWW.ORDES.GAL**

exp. 2024/G003/000958

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATO DE OBRAS: PISTA DE CASTENDA CARA O LÍMITE CON TORDOIA (PARADA) (EXPDTE. 2024/C003/000006). APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000958

### ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación urxente, do contrato de obras “**PISTA DE CASTENDA CARA O LÍMITE CON TORDOIA (PARADA)**” (Expdte. 2024/C003/000006).

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o informe do técnico redactor do proxecto das obras xustificativo da non división en lotes do obxecto do contrato [art. 99.3.b da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP)].

Visto o disposto nos arts. 13, 116, 117, 119, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

No uso das atribucións conferidas pola disposición adicional segunda, apartado 1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), **RESOLVO:**

1º.- Declarar a urxencia na tramitación deste expediente, cuxa adxudicación é preciso acelerar polas razóns de interese público que se sinalan no apartado 8 da Memoria xustificativa deste contrato.

2º.- Non dividir en lotes o investimento obxecto deste contrato.

3º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación urxente, das obras “**PISTA DE CASTENDA CARA O LÍMITE CON TORDOIA (PARADA)**”.

4º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida **1532.619.00** do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento aberto, tramitación urxente das obras “**PISTA DE CASTENDA CARA O LÍMITE CON TORDOIA (PARADA)**”, por importe de 93.124,02 € (76.962,00€/prezo + 16.162,02 €/ive).

Ordes, 8 de xullo de 2024

O Alcalde-Presidente  
José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario  
Juan Luis González Iglesias